

## **500 mil sinaturas para 500 mil persoas**

**Regularización Xa**, é un movemento estatal de persoas migrantes e racializadas de diversas orixes e latitudes. Persoas que traballamos no fogar e coidados remunerados, temporeros e temporeras, estudantes, traballadores e traballadoras de restauración, comunicadoras, manteiros e manteiras, politólogas, psicólogas, avogadas, traballadoras sexuais, artistas visuais, persoal sanitario, deseñadores gráficos, entre outras, e entre todas construímos un obxectivo común e unha soa convicción: esta vez seremos as persoas migrantes e racializadas que nos tomaremos o rumbo na loita polos nosos dereitos.

Dende as nosas corporacións **decidimos traballar xunto con outro grupo de organizacións sociais aliadas e comprometidas na plataforma “Esenciales”** que tamén a integran: Fundación para a Cidadanía Global, Fundación Por Causa, REDES, Alianza para a Solidaridade, e o Partido Por un Mundo Máis Xusto, para dar un envorco á situación actual traballando unidas por un obxectivo común: *“Lograr unha regularización administrativa do estatus migratorio para as persoas migrantes e refuxiadas, alcanzando así un permiso de residencia e de traballo a través dunha Iniciativa Lexislativa Popular.”*

**Unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP)** é unha ferramenta/mecanismo otorgado polo Estado a través da cal as e os cidadáns poden propoñer leis para o seu debate e aprobación no Congreso de Diputados. Neste caso, e por primeira vez, nosotras persoas migrantes e racializadas, como suxeitos políticos organizados, propoñemos a aprobación de leis dentro do Estado.

O proceso de unha ILP consta de dúas etapas, a primeira é unha recollida de 500.000 sinaturas de cidadáns españois maiores de idade. Unha vez conseguida esta cantidade, a iniciativa pode pasar ao congreso para ser debatida.

Ademais de recoller sinaturas precisamos crear un sentido común, un novo paradigma neste país, coa conciencia da nosa existencia e o noso dereito a ter dereitos e a participar na política pública deste país que habitamos.

### **Por qué é precisa unha regularización:**

- En primeiro lugar, o *respeto dos dereitos fundamentais* de cada ser humano. A irregularidade supón estar nunha situación de vulneración de dereitos permanente: non contar con dereitos laborais, a posible explotación laboral, trata de persoas e explotación sexual, a exclusión de servizos públicos esenciais como a educación e a sanidade.
- Hai 150000 nenas, nenos e adolescentes nesta situación de vulneración, sen protección legal e acceso a dereitos e servizos esenciais como poden ser a sanidade, a vivenda, educación, entre outros nun país firmante da carta de dereitos da infancia.
- En segundo lugar, a perda dun *gran aporte económico e fiscal para o conxunto da sociedade*. Por unha banda, a irregularidade impide contribuir dignamente con capacidades que son esenciais para o sostemento da sociedade e da vida. Unha regularización aflorará, rápida e eficazmente, o gran potencial dos seus impostos directos e das contribucións de empregados e empregadores ao *sistema de Seguridade Social*.

- Finalmente, a existencia de cerca de medio millón de persoas fora do radar das institucións e da planificación dos servizos públicos supón un déficit de gobernanza pública que é urxente corrixir. Se non existimos administrativamente, estadísticamente non se pode xerar ningún tipo de política pública que responda ás nosas necesidades. Xa non queremos políticas de carácter securitista e en termos de persecución e criminalización.
- Cada unha destas razóns multiplicou a súa relevancia durante os meses da pandemia, onde as nosas irmás e irmáns migrantes en situación irregular han dado a cara pola sociedade en sectores imprescindibles como o dos cuidados que é a manutención da vida, o reparto a domicilio ou a recollida de froita e verdura.

## **Memoria, reciprocidade e reparación histórica**

Non podemos esquecer que as migracións son parte da historia do mundo, a xente que migrou e migrará ao longo da historia da humanidade, España non é allea a estes procesos migratorios posto que foi en moitos momentos da súa historia o lugar de orixe migratorio. Apelamos á memoria colectiva e reciprocidade de cando se lles abriron as portas nas sociedades latinoamericanas.

Apelamos á memoria e reparación histórica xa que moitos países dos que provenimos as persoas migrantes a este territorio son países que han sido/ou son expoliados dos seus recursos naturais por empresas ou o Estado español, xerando economías de dependencia e sociedades empobrecidas.

**Esta proposta de lei enmárcase na lexislación nacional e inspírase nos pactos e tratados internacionais dos que forma parte España.**

A regularización extraordinaria que se ampara entre outras disposicións, no artigo 31.3 da Lei Orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificada pola Lei Orgánica 8/2000, que determina que: *“A Administración poderá conceder unha autorización de residencia temporal por situación de arraigo, así como por razóns humanitarias, de colaboración coa Xustiza ou outras circunstancias excepcionais que se determinen reglamentariamente”*.

## **Súmate polos nosos dereitos!**

Facemos un chamamento a toda a comunidade migrante e aliadas locais para esta campaña, para que non soamente podamos decidir polas políticas migratorias que nos atravesan, mais tamén queremos ser parte das decisións da política pública deste país, porque vivimos aquí, somos parte activa desta sociedade, realizando moitas veces traballos considerados esenciais para soste a vida.

**Se tes DNI español e máis de 18 anos a túa sinatura é indispensable.** Se non tes DNI español ou máis de 18 anos podes recoller sinaturas e difundir a iniciativa. Todis, todas, todos podemos ser parte dos Comités Territoriais para a #ILPRegularización dende onde nos organizamos para xuntar sinaturas e avanzar no noso proceso político, movilizándonos dende cada territorio na esixencia de dereitos.

**“Somos as persoas migrantes e racializadas quenes, con voz propia, tomamos as  
rendas na loita polos nosos dereitos con aliadas que nos apoian para botar diante o  
obxectivo da #ILPRegularización”**